

# PLAN DE CONVIVENCIA

## IES LUCUS AUGUSTI

### 2018-19



# ÍNDICE

- 1.- Introducción
- 2.- Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro
- 3.- Obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
- 4.- Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entreoutras.
- 5.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- 6.- Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
- 7.- Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
- 8.- Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.
- 9.- As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións.
- 10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- 11.- Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
- 12.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

# 1.- Introducción

Desde o punto de vista das referencias normativas cómpre considerar como marco legal, as seguintes:

- Constitución española.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestad sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura dapaz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

**A nosa DEFINICIÓN DE CONVIVENCIA** é: o arte de vivir coas persoas e o medio que nos rodea, baseándose no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á diferenza e á capacidade dos integrantes do noso Centro de ensino para elixir a conduta axeitada e, en caso contrario responder das consecuencias das nosas accións.

**Entendemos por convivencia positiva...**

1. Aquela que permita a resolución de conflitos dun xeito creativo, responsable, que permita mobilizar e/ou adquirir as actitudes, valores e normas que favorezan o incremento da madurez persoal.
2. Aquela que se asenta en valores como o respecto, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza social.
3. Aquela que permita adquirir HH.SS. e estratexias de comunicación positiva, para incorporalas á bagaxe formativa de cada persoa, co fin de contribuír á formación integral.
4. Aquela que dote ó centro dun estilo relacional cívico, democrático e participativo.

Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Título 1, artigo 3, di que a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins:

## **Fins do Plan de Convivencia**

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

O citado decreto no seu Título II, Capítulo II, artigo 12, di que o plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

## **Obxectivos xerais do plan de convivencia**

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se podan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa personal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 2.- Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro

### a) Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.

O IES Lucus Augusti é un centro público situado nunha zona céntrica da cidade de Lugo, no que se imparten 4 unidades de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, 1 grupo de PMAR en 3º ESO, 6 unidades de 1º BAC e 5 de 2º BAC das modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais, ademais de estudos de ESA (Ensinanza Secundaria de Adultos) e Bacharelato de Adultos. No Instituto tamén se imparten ensinanzas dun Ciclo de Grao Medio (Operacións de Laboratorio) e outro de Grao Superior (Laboratorio de Análise e de Control de Calidade) da Familia Profesional de Química, así como os módulos teóricos dun programa de FPB (Formación Profesional Básica) de Electricidade e Electrónica.

O Instituto ubícase nun só edificio de catro plantas. Na planta soto sitúanse os laboratorios, museo e arquivo, cafetería e aulas de ciclo, máis algunhas aulas especiais de música, debuxo, tecnoloxía, e audiovisuais xunto co departamento de normalización lingüística, física e química, bioloxía e música. Na primeira e segunda planta as aulas e as dependencias de administración, biblioteca, sala de profesores, salón de actos, sala de idiomas e lectura e sala de xuntas, e na planta terceira, os departamentos e aulas especiais de Usos múltiples e Informática. Próximo a este edificio o Instituto utiliza os locais dun ximnasio propio e dun polideportivo de utilización conxunta co IES *Nosa Señora dos Ollos Grandes*.

A procedencia dos nosos alumnos é fundamentalmente urbana, predominando os membros de clases medias. Temos adscritos dous colexios de primaria, o Rosalía de Castro e o colexio A Ponte. Parte do noso alumnado, maioritariamente o que procede do colexio da Ponte, ven transportado pois o seu lugar de residencia dista o suficiente como para utilizar este servizo; este alumnado ten dereito ó servizo de comedor os luns de cada semana, día en que se desenvolven clases vespertinas para o alumnado de diño.

### b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

A distribución de grupos nas aulas é a seguinte:

-Na 1ª planta distribúense os grupos de 1º, 2º e 3º da ESO, incluído grupo de 3º ESO PMAR.

-Na 2ª planta distribúense 4º de ESO, e 1º e 2º de BAC.

-Na 3ª planta están varios departamentos nos que, por necesidades de espazo, impártense clases. No de Matemáticas os agrupamentos específicos, no de Francés varios grupos de alumnos con Francés como 1ª ou 2ª lingua, no de Latín e Grego varios grupos de Cultura Clásica ou de Grego, no de Inglés algún grupo de Inglés de poucos alumnos (desdobles).

Compre destacar que cada grupo de alumnos ten unha aula asignada, podendo ser usada por outros grupos cando o grupo de referencia está nunha aula especial ou no ximnasio. Por outra banda, os corredores das dúas plantas principais son demasiado estreitos, o que impide, en ocasións, a necesaria fluidez na movidade do alumnado e profesorado; por este motivo o alumnado de 1º e 2º da ESO non pode saír ós corredores nos cambios de clase.

**c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.**

As relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa, réxense polos principios e valores que orientan o plan de convivencia.

A participación dos escolares estimulouse a través da participación nas eleccións de delegados e noutras actividades do IES, como festas, desfiles, traballos colectivos, etc, que denota a disposición a compartir o poder de decisión porque cremos no seu valor formativo. A participación creativa dos alumnos no centro, as súas deliberacións e adopción de resolucións é un exercicio moi valioso para formar a súa conciencia, así como para descubrir a dependencia e conexión desta coa comunidade social. A conduta participativa no centro é un valor moral de seu porque entraña ocuparse do que é común como cousa propia e porque esixe a acción cooperativa cos demais para o logro de bens colectivos.

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia, sen a que resulta difícil resolver os conflitos cos seus fillos e/ou fillas tanto no centro coma fóra.

En canto ó profesorado, as relacións son as axeitadas e a súa participación, aparte dos cauces previstos na lexislación, é fluída e continua, a través dos distintos departamentos e directamente coas persoas implicadas.

**d) Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.**

A conflitividade detectada no centro dende o inicio de curso ata a elaboración deste plan de convivencia é considerada como medio-baixa, segundo a Comisión de Convivencia, tendo en conta o número de alumnos deste centro.

Tipo de conflitos no que está implicado o sector do alumnado :

- Pintadas nas mesas ou outro tipo de deterioro.
- Lixo ao chan da aula.
- Desaparición de material escolar ou outras pertencencias.
- Rotura de materiais da clase, cristais, etc
- Dano das instalacións do centro.
- Situacións de enfrontamento entre alumnos, incluído ameazas, insultos ou posible acoso.

Tipo de conflitos no que está implicado o sector do profesorado:

- Non atender ás explicacións do profesorado
- Non obedecer ou respectar o profesorado.
- Non respectar o horario das clases
- Entrar ou saír da clase sen permiso
- Interromper, molestar e non deixar dar a clase o profesorado
- Non respectar as normas da clase
- Ausentarse do centro sen permiso cando falta un profesor e na hora do recreo
- Utilizar o teléfono móbil nas instalacións

**e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

- Respecto á falta de limpeza nas aulas, ás pintadas nas mesas ou a outros incidentes similares, o alumnado implicado ou toda a clase se se trataba de algo xeral, limpiou ou reparou os danos causados no mesmo día en que se tivo coñecemento dos mesmos durante o recreo ou á finais das clases.
- Respecto ás desaparicións de material ou cartos, investigouse o sucedido aínda que en ningún caso se conseguiu a reparación do dano.
- Respecto á rotura de cristais, localizáronse os implicados, aplicando a normativa recollida nas normas de convivencia.
- Todos os casos de posible acoso ou de enfrontamentos entre alumnos foron solucionados coa implicación dos mesmos e das familias, tendo entrevistas con todas as partes, asinando compromisos por escrito ou orais por parte dos alumnos.
- Os conflitos que se producen na clase resólvense unha vez que o profesor pon un parte ao alumno implicado, procedendo a xefatura de estudos a tomar a medida máis adecuada en cada caso, que pode ser amonestación oral ou por escrito, incluso, se é preciso, con presenza dos pais.
- No primeiro trimestre, aplicouse en 15 ocasións a medida correctora consistente en *Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos*, por reiteración de faltas leves contrarias á convivencia.
- Respecto ós danos nas instalacións, localizouse mediante as cámaras de seguridade á persoa implicada, reparando ésta os danos causados.

*En xeral, para o tratamento dos conflitos, o profesorado tivo en conta as seguintes pautas de actuación:*

*Ser coherente, xusto e ter capacidade de negociación.*

Empregar estratexias de desescalada dos conflitos:

Calmarse.

Manterse sereno/a.

Evitar o enfrontamento (sobre todo diante do grupo clase).

Non mostrar un enfado incontrolado

*Manifestar unha autoridade asertiva, mediante estratexias como:*

Apoiarse nas normas, nos dereitos dos/as demais, na tarefa...

Empregar ao/a alumno/a para falar con el/a fóra da aula.

Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme, centrando a atención noutra acción.

Ofrecerlle alternativas claras para que elixa como quere resolver o problema.

***Na aplicación das correccións seguíronse os seguintes principios***

• **Educación:** Cando a comisión dunha falta faga necesaria a adopción de medidas disciplinarias, as correccións que se impoñan deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno; polo que en ningún caso ditas correccións afectarán ao seu dereito á educación e á avaliación.

• **Asertividade:** O alumno debe comprender que se castiga o comportamento e non á persoa. Cando se comunique e aplique a



sanción, haberá que lembrar, de maneira firme e sen mostrar alteración emocional, a conduta realizada e o castigo que lle corresponde.

• **Inmediatez:** Para que as correccións sexan efectivas han de aplicarse o máis próximas posibles ao momento en que as faltas sexan cometidas, desta forma o alumno establecerá a asociación conduta-consecuencia.

• **Proporción:** A corrección ha de ser proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen. En función da conduta e da gravidade das súas consecuencias, aplicarase algunha das seguintes medidas sempre baseadas na lexislación vixente (**no Xade figura así**) e nas NOF do noso Centro:

- Realización de tarefas educadoras fora ou en horario lectivo (se procede dirixidas a reparar o dano causado).

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias dentro.

- Cambio de grupo.

- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.

- Suspensión do dereito de asistencia ao centro.

- Cambio de centro.

• **Consistencia:** O castigo debe responder a criterios de consistencia (os mesmos actos serán sancionados sempre) e deberá ser o suficientemente intensa como para que, con moita brevidade, o alumno deixe de repetir estes actos. As mesmas condutas han de ter sempre as mesmas consecuencias.

• **Interese xeral:** Á hora de aplicar as correccións considerarase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

### **3.- Obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.**

1.- Modificación de condutas relativas ao maltrato e deterioro do mobiliario, material e instalacións.

2.- Eliminación de calquer hurto tanto de material como de pertencencias persoais.

3.- Mellora das relacións entre as persoas que conformamos a comunidade educativa, esforzándonos en conseguir un bo trato, unha convivencia positiva e a eliminación de calquer tipo de acoso.

4.- Lograr un clima de confianza e de seguridade para o desempeño da aprendizaxe, o ensino e as relacións sociais.

5.- Interiorizar alternativas de resolución pacífica de conflitos a través da mediación, negociación, conciliación, etc.

6.- Coñecer, divulgar e interiorizar as normas de organización e funcionamento para asumir as responsabilidades individuais e colectivas que delas se derivan.

#### **4.- Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.**

Como medidas e actuacións en aras a conseguir os obxectivos anteriormente expostos, propoñemos as seguintes:

1. O uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que debense, polo menos, escoitados e contrastados.
2. A posta en práctica da aprendizaxe cooperativa, fronte á competitiva e á individualista.
3. A xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
4. A afirmación da dignidade das persoas, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza.
5. O establecemento de normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
6. A actitude aberta e empática ante o alumnado, tratando de facer un esforzo por ver os asuntos dende a súa perspectiva
7. A eliminación da agresividade destrutiva e de calquer outro tipo.
8. O afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais esenciais.
9. A implicación das partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.
10. O rexeitamento da exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización ou a humillación, o silencio como norma constante, o dominio, a indiferenza no trato interpersonal, o derrotismo, a competitividade interpersonal

O marco axeitado para a súa realización é a Acción Titorial, a través da titoría presencial e exercida por todo profesorado, poñendo énfase nos seguintes aspectos:

- Relacións no grupo, fomento da amizade, traballo colaborativo, sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...)
- Concienciación da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
- Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballo no grupo de habilidades sociais asertivas e de autocontrol.
- Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- Utilizar as sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso ou ciberacoso.
- Manter contactos periódicos coas familias e buscar unha colaboración mutua.

- Seguimento do clima de relación na aula.
- Solicitar o apoio e o asesoramento da orientadora ante calquera indicio.
- Reunións periódicas cos tutores para deseñar accións conxuntas.
- Difusión na comunidade educativa do plan de convivencia.

**Entre outras iniciativas, estamos desenvolvendo a seguinte:**

### **DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR.**

Segundo a ORDE do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, nos centros educativos levaranse a cabo dinamizacións específicas:

Artigo 8º.-Dinamización específica.

1. Para dar cumprimento ao establecido no punto quinto desta orde os centros educativos fomentarán a dinamización de proxectos específicos.
2. Cada centro educativo poderá determinar no seu proxecto educativo as prioridades de actuación das dinamizacións, segundo o contorno socioeconómico e cultural en que se atope.
3. En cada centro poderán existir dinamizadoras e dinamizadores específicos para realizar, cando menos, funcións referidas á biblioteca, convivencia escolar e soporte e dinamización das tecnoloxías da información e comunicación.
4. Ademais, segundo a participación do centro nos diferentes programas, poderá existir a dinamización de programas internacionais, de mellora da calidade educativa e aquelas outras que poidan incidir na mellora da calidade educativa. As previsións de actuacións destas dinamizacións deberán ser reflectidas no proxecto educativo do centro.
5. A dirección designará unha persoa como dinamizadora responsable de cada proxecto específico, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. Actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos, agás no caso da dinamización de apoio á xestión económica dos centros, que actuará baixo a coordinación do secretario ou secretaria.
6. Os dinamizadores e as dinamizadoras específicos e o profesorado colaborador que dedique, polo menos, dúas horas semanais das complementarias fixas a estas funcións, terán dereito a percibir a parte do complemento específico correspondente, titoría e outras funcións docentes.

Artigo 11º.-Definición da dinamización de convivencia escolar.

A persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas. Asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Artigo 12º.-Funcións da dinamización de convivencia escolar.

En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

1. Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
2. Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
3. Colaborar na dinamización do plan de convivencia do centro.
4. Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
5. Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación.
6. Realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.
7. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.
8. Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo do centro.

## **PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE**

### **Obxectivos do Programa de Alumnado Axudante**

Entre os obxectivos dun Programa de Alumnado Axudante, pódense mencionar, entre outros, os seguintes:

1. Fomentar a colaboración, o coñecemento e procura de solucións en problemas interpersoais no ámbito escolar.
  2. Reducir os casos de acoso entre alumnos ou alumnas.
  3. Diminuír a conflitividade e, con iso, a aplicación de medidas sancionadoras.
  4. Mellorar a seguridade de todos os membros da comunidade educativa.
  5. Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos da escola.
  6. da escola.
  7. Crear canles de comunicación e de coñecemento mutuo entre educadores e educadoras e alumnado, mellorando a autoestima de todos os e as participantes no programa.
  8. Establecer unha organización escolar específica para tratar as formas violentas de afrontar os conflitos.
  9. Incrementar os valores de cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da comunidade.
- En definitiva, con este programa preténdese contribuír á mellora da convivencia nos centros educativos.

### **Funcións do Alumnado Axudante**

Son axentes prosociales, cuxas funcións están orientadas cara ao individual e o social. O seu ámbito de actuación pode ser tanto o traballo da aula, as distintas actividades do centro ou as extraescolares. Así, un alumno ou alumna axudante pode explicar a outro algunhas actividades de clase, incluírle nun grupo de amigos e amigas, acompañarlle na súa volta a casa, visitarlle se estivese enfermo e levarlle apuntamentos, axudarlle na organización e planificación das súas tarefas, ir ao cinema con el.

Algunhas funcións do Alumnado Axudante son:

1. Axuda aos seus compañeiros e compañeiras cando alguén lles molesta
2. ou necesitan que os escoiten. Non lles aconsella, senón que lles escoita.
3. Lidera actividades de grupo no recreo ou en clase.

4. Pode axudar a outro compañeiro ou compañeira cando teña algunha dificultade cun profesor ou profesora, mediando para a resolución do conflito.
5. Pode axudar a outros compañeiros ou compañeiras na organización de grupos de apoio en tarefas académicas, ou como Alumnado Axudante nalgunha materia que se lle dea ben.
6. Axuda a alumnos ou alumnas que estean tristes ou decaídos por algún problema persoal e que necesiten que alguén lles escoite ou lles preste un pouco de atención.
7. Acolle aos recentemente chegados ao centro e actúa como acompañante.
8. Facilita unha mellora da convivencia no grupo.

### **Condicións para a posta en marcha dun Programa de Alumnado Axudante**

Para pór en práctica esta medida educativa é necesario que fose incluída no Plan de Convivencia do centro e sexa tratado/aprobado polos Órganos colexiados. Así mesmo, sería conveniente que se desen as seguintes condicións:

1. Nomeamento dunha persoa responsable do proxecto (Segundo a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da componente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.)
2. Creación dun equipo de profesores e profesoras que traballe directamente no Programa e impulse a súa inclusión na vida cotiá do centro. Podería ser a través dos titores/as.
3. Presentación do proxecto ás familias.
4. Implicación e participación de suficiente alumnado.
5. Introducción dun espazo horario para poder realizar o programa de formación inicial e para reunións posteriores.

O Plan de Convivencia debería recoller os obxectivos do Programa, as persoas responsables do mesmo, calidades e perfís do Alumnado Axudante e do alumnado ao que iría destinada a actividade, os tempos e os espazos de traballo, así como os mecanismos de seguimento e avaliación.

### **Proposta de actuación**

A posta en marcha dunha intervención educativa desta índole contempla tres tempos de implantación diferentes:

- Tomade conciencia, debate, difusión e aprobación.
- Desenvolvemento do modelo: selección, formación e organización.
- Mantemento, supervisión, expansión da experiencia e avaliación.

A formación do Alumnado Axudante vai dirixida inicialmente ao desenvolvemento de habilidades sociais básicas para a escoita activa e a resolución de conflitos, ademais de desenvolver xogos dirixidos á consolidación e cohesión do grupo de Alumnos e Alumnas Axudantes.

A elección do Alumnado Axudante deberán facela os propios compañeiros e compañeiras, unha vez traballada en clase esta figura, así como o perfil que debe reunir, aínda que despois debemos deixar unha marxe de elección para o equipo de profesorado e as persoas que exercen a tutoría. É importante evitar prexuízos na elección, xa que alumnado

axudante p o d e n ser todos, de calquera

situacións o c i o e c o n ó m i c a ou rendemento académico. É máis, pode

ser unha responsabilidade que motive o cambio de actitude do alumnado máis desfavorecido social e/ou académicamente.

Dentro do Plan de Convivencia, inclúense os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha, así como as calidades e perfís que debe ter o Alumnado Axudante, fixando expectativas e diferenzas cos outros delegados e delegadas de curso.

É recomendable fixar unha reunión coa familia para aclarar, informar e recoller suxestións respecto diso. As familias deberán aprobar a participación do seu fillo ou filla como Alumno ou Alumna Axudante.

É necesario crear un equipo de profesorado de apoio ao Alumnado Axudante que se encargue de organizar e temporalizar as futuras actividades, facer o seguimento da medida, etc.

Será imprescindible contar con tempos e espazos onde poidan reunirse alumnado e profesorado do equipo, ademais doutras posibles reunións con, ou do alumnado: Xunta de Alumnos e Alumnas Delegados, Equipo de Mediación do Centro, Asemblea de Alumnos e Alumnas. Na medida do posible, deben facerse coincidir as tutorías, de forma que nese horario facilítase a reunión do Alumnado Axudante do Centro.

Finalmente, aclarar tres ideas fundamentais que profesorado, pais e nais e alumnado deben ter claras:

O Alumnado Axudante non é "policía": a súa misión non é vixiar o cumprimento das normas nin exercitar un labor sancionador.

## 5.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Seguirase o protocolo establecido pola Xunta, que está publicado na web do centro, no apartado de Convivencia Escolar dentro do bloque Xefatura de Estudos.

## 6.- Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Nos seguintes cadros recóllense as actuacións do Plan de Convivencia por sectores:

### ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: PROFESORADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIDADE
Organizativo	Entrega NOF e documentación necesaria con aspectos peculiares do centro	Reunión+claustró	Equipo directivo	Setembro
Organizativo	Seguimento semanal de : comportamento , asistencia a clase, rendemento escolar etc.	Atención personalizada	Profesorado en xeral e o titor/a en particular	Todo o curso
Organizativo	Reunión da comisión de convivencia, análise de incidentes e adopción de medidas	Reunión	Membros da comisión	Todo o curso
Prevenición	Explicación ao profesorado de normas de convivencia, funcionamento das gardas, instalacións do centro etc	Reunión	Xefe de estudos	Setembro

Prevencción	Entrega de estratexias de prevención de condutas disruptivas	Reunión Correo electrónico	Depart. Orientación, Xefe de estudos.	1º semana outubro
-------------	--	-------------------------------	---------------------------------------	-------------------

### ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: PROFESORADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPO
Prevencción	Impulsar aos departamentos a realización e deseño de actividades que melloren a convivencia e o clima na aula	Comunicación aos departamentos para ter en conta nas programacións	Xefe de estudos Xefes de departamento	Setembro
Prevencción	Revisión de normas no centro e elaboración das da aula	Traballo en grupos de profesores de aula	Departamento de Orientación Profesorado titor Profesorado de áreas	Outubro+novembro
Intervención	Identificar e detectar casos de acoso escolar	Seguimento a través de reunión de titores. Claustro	Todo o profesorado, especialmente o profesorado titor. Depart. Orientación	Todo o curso
<del>Intervención</del>	<del>Medidas correctoras atendendo o NOF, ante condutas contrarias á convivencia</del>	<del>Reunión titor/a, Xefa de estudos</del>	<del>Xefe de estudos, director</del>	<del>Todo o curso</del>

### ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: FAMILIAS

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPO
Prevencción	Reunión coas familias para informar sobre o funcionamento do centro, normas etc	Reunión ao comenzo do curso	Equipo directivo. Profesorado titor.	Outono



Prevencción	Entrevistas coa familia para informar sobre o/a alumno/a de maneira individual, en aspectos académicos, conductuais etc	Reunións individuais	Orientador/a Profesorado titor.	Todo o curso
Intervención	Pautas para as familias en resolución de conflitos e ante a problemática do alumno/a	Entrevistas	Orientador/a	Todo o curso
Intervención	Reunión da comisión de convivencia cando proceda, onde estea a figura dun pai/nai	Reunión	Dirección Consello Escolar	

#### ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIDADE
Prevencción	Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso(información do funcionamento do centro) Visita ao centro educativo	Recibimento no salón de actos	Equipo directivo Depart. Orientación	Finais de maio e xuño antes do comenzo do curso de 1º
Prevencción	Difusión do NOF Consensuar normas na aula	Grupos de clase	Profesorado titor	Setembro
Prevencción	Xornadas de acollida ao novo curso escolar do alumnado	Recibimento no salón de actos e despois acompañamento por parte dos titores	Equipo directivo. Profesorado titor. Orientación.	Setembro

Prevención	Diferentes actividades de orientación académica-profesional	Depart.Orientación entrevista individual Hora de tutoría	Profesorado titor. Orientador/a	todo o curso
------------	---	--	------------------------------------	--------------

**ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORALIDADE</b>
Prevención	Reunión con departamento de orientación de primaria para obter información de alumnos/as en situación desfavorecida ou discapacidades.	Desprazamento a centros de primaria para reunión con orientadores e profesores	Orientador/a	Xuño e setembro
Prevención	Torneos deportivos na hora de lecer	Participativa	Departamento de educación física e actividades extraescolares	Todo o curso
Prevención	Actividades propostas pola xunta de delegados	Reunións con delegados	Vicedirección, orientación, Xefatura de estudos	Todo o curso
Prevención	Diferentes actividades de educación en valores, temas transversais e titoriais.	Participativa Dinámicas de grupos	Profesorado titor, profesorado colaborador, ONGS, Dpto. de Orientación	Todo o curso

**ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORALIDADE</b>
-------------	--------------------	--------------------	-------------------------	----------------------

Prevencción	Obradoiros de habilidades sociais na aula de convivencia	Grupal individual	Orientador/a	Todo o curso
Prevencción	Obradoiro de prevención de violencia de xénero	Grupos de traballo murais	Profesorado titor. Departamento de Orientación	Todo o curso
Prevencción	Taller de educación para a saúde e prevención de drogodependencias	Grupo-aula	Persoal do concello+ Profesorado titor + Depart. Orientación	Todo o curso

### ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIDADE
Prevencción	Dinámicas de grupos, resolución de problemas, dilemas morais etc con diferentes temáticas	Grupo-aula Debates Traballos en grupo	Profesorado titor + depart. orientación	Todo o curso
Prevencción	Obradoiro de educación afectivo-sexual	Debates Grupo-aula	Profesorado titor. Monitores do programa Quérote +	Todo o curso
Prevencción	Análise de textos que versen sobre aviolenaciae ap a z	Debates	Diferentes departamentos	Todo o curso

Prevención	Obradoiro de Resolución de conflitos	Dinámica e participativa	Departamento de Orientación e titorías.	Segundo trimestre
------------	--------------------------------------	--------------------------	---	-------------------

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMP</b>
Prevención	Exposición de murais no vestíbulo, pasillos do centro educativo, aulas, todos elaborados polo alumnado con diferentes temas	Creativa	Profesorado Educación plástica Depart. Orientación Equipo directivo Profesorado titor.	Todo o ano
Prevención	Proxección de películas para fomentar a mellora da convivencia	Gran grupo no salón de actos do centro	Coordinadora de convivencia Orientación	Unha por trimestre
Intervención	Análise de condutas de alumnos/as e intervención na modificación de ditas condutas	Entrevista individual	Equipo de orientación específica Lugo Orientador/a	Todo o ano

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: FORZAS DA SEGURIDADE E SERVIZO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMP</b>
Prevención	Charlas sobre temática diversa: acoso escolar, internet, etc	Informativa	Garda civil Policía nacional	Todo o ano

Intervención	Visitas polos arredores do centro educativo na hora de lecer	Participativa	Garda civil Policía municipal	Todo o
Intervención	Comunicar ás forzas de seguridade de roubo de materiais do centro, e t c	Participativa	Garda civil Equipo directivo	Todo o
Intervención	Comunicación coa Consellería e con servizos sociais ante unha situación de absentismo escolar	Reunións	Departamento de Orientación Equipo directivo	Todo o
Intervención	Comunicación fluída con servizos sociais de información que pode repercutir no alumnado sobre: situación de maltrato familiar, situacións desfavorecidas, inmigrantes etc	Reunións	Orientador/a Servizos sociais	Todo o

## **7.- Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.**

### **NORMAS DE CONVIVENCIA**

#### ***Fins***

- 1.A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no postoescolar.
- 2.A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- 3.A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- 4.O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- 5.A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- 6.Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- 7.Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa en a mellora da convivencia escolar.
- 8.A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

#### ***Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras outitores legais.***

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de

convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

## ***Dereitos e deberes do alumnado.***

1.- Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.



- c) Á protección integral contra toda agresión verbal, física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei de Convivencia.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

## 2.- **Sondeberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa docente.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais docentes.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

## ***Dereitos e deberes do profesorado.***

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da **convivencia** escolar, **recoñécense** os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios eextraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e amediación.

## 2. **Sondeberes** do profesorado:

- a) Respeitar e facer respeitar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo docente.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- f) Avisar con antelación –se é posible- á xefatura de estudos da ausencia á clase e anotarse no libro de garda. No caso de estar pendente de entrega de cualificacións previas a un exame final e ter que se ausentar, o profesor debe facelas chegar á Xefatura de Estudos.

## ***Dereitos e deberes do persoal de administración e deservizos.***

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei de Convivencia

2. Son **deberes** do persoal de administración e deservizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

## ***Condición de autoridade pública do profesorado.***

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de **autoridade pública** e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen **presunción de veracidade**, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para **requirir ao alumnado**, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, **a entrega de calquera obxecto**, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora outitor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinares que poidan corresponder.

## ***Normas básicas de convivencia***

O respecto mutuo entre os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal administrativo e servizos) é o principio fundamental para construír unha relación de convivencia positiva e democrática.

As normas son pautas de conduta que determinan o que se debe facer e non se debe facer en situacións concretas. Con elas preténdese crear unhas canles que permitan unha convivencia respectuosa e fagan máis agradable o clima da aula e do centro educativo.

### **1. Normas xerais:**

- a) Calquera persoa allea ao centro que acuda ao mesmo debe ser dirixido en primeiro lugar á conserxería.
- b) Débense manter limpas e non deteriorar as instalacións e material do centro.
- c) Entre clase e clase o alumnado non debe interromper nos corredores nin acudir á cafetería. Hai que esperar ao profesor ou profesora dentro da aula. Se os alumnos atopasen a clase pechada, esperarán á porta da mesma e en silencio a chegada do profesor. Só en casos de emerxencia ou necesidade extrema poderán ir aos baños no tempo que separa o remate dunha clase e o inicio da seguinte.
- d) No tempo de lecer hai que deixar as aulas e estar nos espazos permitidos para o lecer.
- e) Saídas do centro en períodos de lecer para alumnado de BAC:  
Os

paisoutitoreslegaisdeberánsolicitarao centroa autorización  
paraa

saída do alumnado de BAC menor de idade, xustificando a razón de tal solicitude.

- f) No caso do alumnado menor de idade de ciclos formativos de grao medio ou bacharelato que ten módulos ou materias superadas ou validadas e que, en consecuencia, ten períodos lectivos sen clase, estes períodos e os de lecer comprendidos entres estes ou os inmediatamente anteriores ou posteriores a eles, quedan excluídos do seu horario. Neste caso os pais deben ser advertidos por escrito de tal circunstancia e, xa que logo, non deberán solicitar nin xustificar as ditas saídas.
- g) Hai que andar polos corredores e escaleiras con moderación, sen empurrar, sen berrar e sencorrer.
- h) Débese dirixir a calquera persoa da comunidade educativa con un ton adecuado, sen berrar e sen exabruptos, utilizando unha linguaxe respectuosa.
- i) Non se pode fumar no recinto escolar nin nas proximidades.
- j) A apertura do aparcadoiro poderase solicitar a un conserxe nos cinco minutos anteriores ao comezo de cada clase para entrar, e nos cinco posteriores para saír. Fóra dese horario non se poderá solicitar a apertura das cancelas. Para aparcar é preciso contar con autorización.
- k) O Instituto non se responsabiliza de calquera incidencia que se derive do uso indebido do aparcadoiro.
- l) Nos accesos (portas) seguiranse as normas de cortesía cívica, respectando a persoas maiores, discapacitados e persoal do centro.
- m) Esíxese decoro na aparencia persoal e nas relacións interpersoais.
- n) O alumno que participara nunha actividade extraescolar de varios días de duración, como intercambios, viaxes ao extranxeiro, excursións á neve, etc., non poderá volver a participar na mesma actividade o curso seguinte.
- ñ) O alumnado poderá ser privado de participar en actividades extraescolares como as que se mencionan no apartado anterior, se a xunta de avaliación do profesorado do grupo no que se atopa o/a alumno/a considera que o rendemento do mesmo é baixo debido a falta de interese, de esforzo ou tamén por excesivo número de faltas inxustificadas.  
Esta proposta de suspensión do dereito do alumnado a participar en actividades extraescolares será realizada ao remate da 1ª avaliación ou en sesión extraordinaria convocada para tal fin, seralle comunicada por escrito ao pai/nai polo titor ou titora, dando copia do comunicado á xefatura de estudos.

## 2. Normas básicas de aula:

a) Asistirase ás clases con puntualidade. 3 faltas de puntualidade compútanse como unha falta de asistencia. No Bacharelato a falta reiterada a clase pode provocar a imposibilidade de avaliar a un/ha alumno/a. A tal fin, establécese que un/ha alumno/a pode perder o dereito a avaliación continua cando se p e r e –sen xustificar:-

- ❖ 3 faltas en materias de 1 sesión semanal
- ❖ 6 faltas en materias de 2 sesións semanais
- ❖ 9 faltas en materias de 3 sesións semanais
- ❖ 12 faltas en materias de 4 sesións semanais.

Cando o/a alumno/a alcance os dous terzos das faltas sinaladas, o profesor deberá proceder á súa notificación ao tutor, quen informará á familia e á xefatura de estudos.



Ante a posibilidade de que haxa alumnado que perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia, os Departamentos deberán prever unha proba final extraordinaria para dito alumnado.

## PÉRDIDA DA AVALIACIÓN CONTINUA EN CICLOS

Conforme se determina no artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, o número de faltas que determina a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas.

A tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno/a cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua, da que deberá quedar constancia na secretaría do centro.

- b) Durante a realización dos exames o alumnado non abandonará a aula ata final da sesión de clase en horario lectivo.
- c) Cada alumno será responsable dos escritos que aparezan nas súas mesas ecadeiras.
- d) Os móbiles ou similares deberán estar completamente apagados.
- e) Deberase manter limpo e en bo estado o material da aula (mesas, cadeiras, persianas, paredes, portas, etc)
- f) Debe haber un respecto mutuo entre profesorado e alumnado, así como ás pertenzas persoais.
- g) Permanecerase dentro da aula ata a chegada do profesor ou profesora.
- h) Utilizarase un ton adecuado en toda intervención que se leve a cabo.
- i) As clases son recintos de traballo, non se poden xogar, nin comer dentro delas.
- j) Cando falta un/unha profesor/a o alumnado debe permanecer na aula coa porta aberta ata que chegue o profesor de garda. A partir de aí o profesor ten toda a autoridade para decidir o que cómprefacer.
- k) O alumnado deberá seguir en todo momento as indicacións do profesorado. En caso de discrepancia, primeiro debe obedecer e despois seguir os cauces adecuados.

### ***Incumprimento das normas de convivencia.***

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei de Convivencia.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

### ***Responsabilidade e reparación de danos.***

1. O alumnado está obrigado a **reparar os danos** que cause, individual ou colectivamente, de forma **intencionada ou por negligencia**, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, ~~deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.~~
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

## **8.- Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.**

### ***Condutas contrarias á convivencia***

#### 1. Clases de condutas contrarias á convivencia.

a) As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas **gravemente** prexudiciais para a convivencia e condutas **leves** contrarias á convivencia.

b) Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

#### 2. Condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia.

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei de Convivencia (DOG 15 de xullo de 2011).

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos (boletíns de notas, xustificantes de faltas de asistencia, partes de clase, etc.)

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens dos membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súasubtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario eextraescolar.

i)As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación aelas.

k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei de Convivencia cando é requirido para iso polo profesorado.

l)A negativa a identificarse ante o requirimento do profesor ou profesora.

m) A negativa a entregar calquera obxecto que non sexa necesario para o desenvolvemento das actividades polo profesor ou profesora.

n) Subtraer modelos de exames, así como difundilos.

o) O acto de copia dun alumno a través dun sistema telemático ou similar no que estean implicadas outras persoas.

p) Os actos de desobediencia aos órganos unipersoais de goberno do centro ou aos profesores ou profesoras cando vaian acompañados de manifestacións de indisciplina, ou expresións insultantes, despectivas, desafiante ou ameazadoras, así como ao resto do persoal do centro docente en exercicio das súas funcións e dos titores das empresas nas que realicen FCT ou módulos profesionais.

q) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

r) O incumprimento das sancións impostas.

s) Usar indebidamente os baños sempre e cando produza deterioros graves.

t) As condutas perturbadoras da orde no autobús ou no comedor escolar que poidan crear situacións de risco para calquera membro da comunidade educativa.

u) Calquera acto cometido conscientemente que constitúa delito ou falta penal.

## 1. Condutas leves contrarias á convivencia.

- a) Dirixirse ao profesor ou profesora de maneira insolente e maeducada.
- b) Facer xestos, ruídos ou actos improcedentes reiteradamente perturbando o normal desenvolvemento da clase.
- c) Falar na aula cando non se debe. Rir de forma continuada e inxustificada.
- d) Interromper indebidamente as explicacións do profesor ou profesora.
- e) Molestar continuamente a compañeiros/as impedindo que atendan as explicacións do profesor ou profesora.
- f) As expresións de ameaza ou insulto contra os compañeiros ou compañeiras ou contra outros membros da comunidade educativa cando non estean sinaladas como conduta que prexudica gravemente a convivencia no centro docente, así como os xestos ou actitudes contra os demais membros da comunidade educativa que poidan interpretarse inequivocamente como intentos ou ameazas de agresión.
- g) Saír do centro sen permiso.
- h) Permanecer no centro fóra do horario lectivo da súa propia quenda e sen xustificación académica válida, causando molestia a outros membros da comunidade educativa.
- i) Usar indebidamente as instalacións: escribir nas mesas das aulas, nas paredes, nos ordenadores, nos baños e demais mobiliario.
- j) Perturbar a orde nos corredores.
- k) Tirar papeis ou calquera outro obxecto nas dependencias do centro.
- l) Fumar dentro do recinto escolar.
- m) Uso do móbil, MP3 e similares durante os períodos lectivos.
- n) Actos que interfiran ou desvirtúen a comunicación entre centro/familias/alumnado.
- o) Os danos causados intencionadamente ou por negligencia nas instalacións ou pertenzas do centro docente ou dos membros da comunidade educativa cando non constitúan condutas que prexudiquen gravemente a convivencia.

p) Calquera conduta que implique discriminación por razón de nacemento, idade, raza, sexo, orientación sexual, aptitude psíquica ou física, crenza, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal,

económica ou social, cando non deba considerarse conduta que prexudique gravemente a convivencia.

- q) Os comportamentos perturbadores da orde no autobús ou no comedor escolar, tanto de carácter individual como colectivo, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- r) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- s) A non asistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- t) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- z) Calquera outra conduta que constitúa incumprimento dos deberes dos alumnos e alumnas sempre que interfira dalgunha maneira no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes dos demais membros da comunidade educativa e que non prexudique gravemente a convivencia no centro docente.
- aa) O incumprimento das normas de seguridade correspondentes a tarefas perigosas realizadas no marco de actividades escolares.

## 1. **Prescrición** das condutas contrarias á convivencia

As condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben a **catro meses** da súa comisión e as condutas **leves** contrarias á convivencia, a **meses** mentres que as medidas correctoras derivadas das mesmas precibirán ao remate do curso académico.

- a) O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
- b) No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

## **Medidas correctoras**

### 1. Principios:

- a) As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
- b) Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- c) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- d) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- e) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

### 2. Graduación das medidas correctoras. Terase en conta:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei de Convivencia.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

### 3. **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:



- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades docentro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes, seguindo a temporalización establecida no centro escolar. En todo caso, aqueles alumnos aos que se lles suspenda o dereito a participar nalgunha actividade extraescolar ou complementaria, atenderase o determinado polo Consello Escolar.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de **asistencia a determinadas clases** por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de **asistencia ao centro** por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

#### 4. **Procedemento** para a imposición de **medidas correctoras** de condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia.

- a) As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
- b) Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
- c) A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.
- d) No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, **por un período non superior a cinco días lectivos**. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

e) Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da Lei de Convivencia.

f) Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei de Convivencia.

g) **A resolución notificarase** á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ~~ou a este se é maior de idade,~~ **nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos** que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

h) A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dous días lectivos.

## 5. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

i) Derivar á AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

- O rexime de funcionamento da aula de convivencia inclusiva, prevista no artigo 19.3 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, ten por vocación substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempoposible.
- Os criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e as actuacións a desenvolver nesta rexiranse polos criterios pedagóxicos establecidos pola comisión de coordinación pedagóxica.
- O profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva poderá ser profesorado de garda, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do departamento de orientación. A supervisión das medidas e actuacións propostas para o alumnado corresponderalle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva.
- O departamento de orientación do centro programará actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, para favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- Deberá establecerse horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.
- A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido/a na aula de convivencia inclusiva, garantindo en todo caso o trámite de audiencia aos pais/nais/titores/as, se fose menor de idade non emancipado/a.

#### 1. **Procedemento** para a imposición de **medidas correctoras** de condutas **leves** contrarias á convivencia:

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levará a cabo:

- a) O profesor/a, oído o alumno/a e dando conta á Xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos apartados a), b), e c) do punto anterior.
- b) O titor/a, oído o alumno/a e dando conta á Xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos apartados a), b), c) e d) do punto anterior.

- c) A Xeafatura de estudos ou o Director/a, oído o alumno/a e o profesor/a ou titor/a, nos casos das medidas previstas nos apartados a), b), c), d), e) e f) do punto anterior.
- d) O Director/a, oído o alumno/a e o profesor/a ou titor/a, nos casos das medidas previstas nos apartados g) e h) do punto anterior.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase ao pai/nai/titor/a legal do alumno/a antes de que se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia do Centro.

## 2. **Prescrición** das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## ***Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.***

1. A mediación escolar é un método de regulación de conflitos, mediante a intervención dunha terceira persoa, con formación específica e imparcial, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio.

2. O equipo de mediación en conflitos constitúese para tentar resolver conflitos entre o alumnado.

3. No procedemento formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

4. A mediación está indicada para os seguintes casos:

- Rumores, insultos, alcumes molestos, queixas, malentendidos...
- Disputas e pelexas.
- Casos leves de acoso escolar.
- Amizades deterioradas.
- Ameazas, presións ou encordios.
- Situacións vivenciadas como desagradables ou inxustas.

5. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

6. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

## 7. Protocolo básico de mediación

As fases a desenvolver no Proceso de Mediación serían:

- a) Xorde un conflito, suficientemente relevante entre alumnado.
- b) Acódeuse a calquera dos axentes de mediación (mediadores/as, dinamizadores/as, xefatura de estudos, ...) que derivarán e estudarán cada caso. Facilitarase unha Solicitude voluntaria de Mediación que será asinada polas partes.
- c) Se procede, as persoas Dinamizadoras da Convivencia Escolar, xunto co Departamento de Orientación, asignarán **mediador/a** para o caso.
- d) Finalmente, darase traslado do Acordo final aos distintos axentes implicados: Departamento de Orientación, Dinamizadores/as, Xefatura de Estudos.
- e) Farase un Seguimento de verificación do grao de cumprimento dos acordos.

## ***Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.***

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións pro-postas.

3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible unha vez corrixida a súa conduta.

## **9.- As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións.**

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten

asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do plan de convivencia e das normas de convivencia do noso centro. Ten como

finalidades reflexionar e investigar sobre o estado da convivencia no centro e deseñar estratexias para a súa mellora.

## COMPOSICIÓN:

A comisión de convivencia está formada actualmente por:

O director do centro, Juan Carlos Fernández Naveiro, que presidirá a Comisión.

A xefa de estudos, M<sup>a</sup> Carmen González López.

Como representantes do profesorado, María del Mar Álvarez Álvarez e María del Carmen Correa Folgar.

Como representante dos pais e nais, Matías Carnero López e María Rosa Mosquera Losada.

Como representante do alumnado, Xavier Esteban Domínguez.

Reunirase, como mínimo, unha vez por trimestre, e ademais cando calquera dos seus membros o solicite; analizarase en cada reunión a actuación por parte do equipo directivo das medidas tomadas, facendo un resumo das condutas contrarias á convivencia sucedidas ata esemomento.

Deberá elaborar un informe anual da análise da convivencia, coordinar as actuacións relacionadas coa mellora do clima de convivencia e propoñerlle á administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

## 10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Tale como se recolle na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, "as nais e pais ou as titulas ou titulares son corresponsables do mantemento da convivencia escolar, imponse a obrigatoriedade para estes da participación nos procedementos de corrección disciplinaria cando legalmente son convocados". Por outra parte, contéplase a participación indirecta que establece a Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, que se institucionaliza mediante órganos colexiados nos que participan os representantes das familias e dos restantes estamentos da comunidade educativa, Consello Escolar de Galicia e consellos escolares de centros.

Neste Plan de convivencia é preciso que se involucren TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA, para que sexa efectiva a calidade da convivencia

A.- O EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO debe:

- \_ Incorporar a mellora da convivencia no proxecto educativo do centro
- \_ Pór ao servizo do plan os recursos do centro
- \_ Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa
- \_ Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón a Comisión de Convivencia
- \_ Incorporar o plan aos documentos institucionais
- \_ Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do plan nas estruturas organizativas e a xestión do centro
- \_ Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica

B.- O PROFESORADO debe:

- \_ Informarse
- \_ Formarse
- \_ Colaborar nas actividades do proceso de elaboración do plan de convivencia
- \_ Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia
- \_ Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do plan
- \_ Reflexionar sobre procesos e guías para mellorar o plan de convivencia

C.- O ALUMNADO debe:

- \_ Informarse
- \_ Formarse
- \_ Asumir as súas responsabilidades e participar na vida do centro
- \_ Respetar as normas do centro
- \_ Colaborar na elaboración e desenvolvemento do plan de convivencia
- \_ Aprender a ser coherente cos valores do centro

D.-AS FAMILIAS deben:

- \_ Informarse
- \_ Formarse
- \_ Colaborar nas actividades do plan de convivencia ás que se lles invite a participar
- \_ Educar aos seus fillos en coherencia cos principios educativos do plan de convivencia
- \_ Realizar o seguimento das actuacións dos seus fillos/as
- \_ Colaborar co profesorado
- \_ Cooperar nas actividades do centro

Por último, a ANPA do noso centro ten un enlace na web do centro, onde informan das súas actividades e convocan as súas reunións.

E. OUTROS PROFESIONAIS E INSTITUCIÓNS deben:

- \_ Informarse
- \_ Pór os seus recursos a disposición da escola
- \_ Colaborar co profesorado, co alumnado e as súas familias
- \_ Actuar en coherencia cos principios educativos do centro durante as colaboracións
- \_ Coordinarse co centro en todas as actuacións

## **11.- Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.**

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Para iso, aloxará na páxina web do instituto o plan de convivencia, informando a tódolos profesores no primeiro claustro de cada curso



escolar; organizará reunións ao inicio do curso cos titores para que estes, a súa vez, informen tanto aos seus titorandos como ás familias.

Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa. Ademais do mencionado anteriormente, utilizaranse as horas de Titoría Presencial na ESO para o coñecemento e a concienciación das normas por parte do alumnado.

## **12.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.**

### PROCESOS de SEGUIMIENTO

- Ao longo do desenvolvemento do plan, polos implicados en cada actuación
- Ao finalizar cada avaliación: profesores e alumnos
- Unha vez ao trimestre: comisión de convivencia

### AVALIACIÓN

- Ao finalizar o curso: comisión de convivencia, consello escolar

### REVISIÓN E ENRIQUECEMENTO DO PLAN

- Revisión dos contidos xerais do plan:
  - Obxectivos
  - Priorización de áreas de mellora
- Adaptación dos contidos do plan aos cambios da realidade docente
- Modificación dos procesos de acordo coa súa avaliación
- Introducción de novas actuacións.